

concerto desconcerto

unha coprodución da compañía Entremans e o Centro Coreográfico Galego



XUNTA DE GALICIA

Centro Coreográfico Galego
AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais)
Consellaría de Cultura e Deporte
Xunta de Galicia

Polideportivo de Elviña
Avda. Glasgow, nº11
15008 - A Coruña
Tfn. 981 134 946
Fax. 981 138 294
www.centrocoreografico.org



concerto desconcerto

unha coprodución da compañía Entremans e o Centro Coreográfico Galego

PROGRAMA DE COPRODUCCIÓNS - CCG

Presentación [07]

Proceso de traballo [08]

O espazo sonoro [09]

O traballo co público [09]

CONCERTO DESCONCERTO

A peza [11]

Ficha artística [12]

Xira [13]

COMPAÑÍA ENTREMANS

Historial [15]

Equipo artístico [16]

Colaboradores [20]



PROGRAMA DE COPRODUCCIÓN

Presentación

O programa de coproducións do CCG apoia proxectos profesionais de danza de iniciativa privada e independente. As iniciativas seleccionadas para coprodución reciben, xunto a unha dotación económica, un acompañamento do equipo do centro durante o proceso de creación e produción, ademais do deseño dun apoio específico de recursos para o proxecto, segundo as súas necesidades.

Concerto Desconcerto, da compañía galega Entremans recibiu unha dotación económica, un asesoramento na comunicación e o asesoramento durante o proceso de preprodución e produción da *mánager* e distribuidora Marta Oliveres, unha profesional cunha grande traxectoria no mundo das artes escénicas.

No tocante a apoiar e promover a formación tanto de profesionais como de públicos a compañía acadou o compromiso de realizar unha serie de ensaios abertos, así como o *Taller de voz e dicción incorporadas ao movemento* que se realizou durante o mes de novembro de 2008 no CCG. Este taller, impartido por Alexis Fernández -un dos integrantes da compañía Entremans-, tivo como finalidade desenvolver e potenciar a voz, perfeccionar a dicción e enriquecer a entoación para acadar un maior dominio da expresión oral.

O CCG quere, a través do programa de coproducións, non limitarse a apoiar novas creacións, senón dar un paso máis na suma de apoios e esforzos que traballen no desenvolvemento do mundo da danza e outras artes do movemento.

Proceso de traballo

O proceso de traballo de *Concerto Desconcerto* desenvolveuse a partir de diferentes propostas persoais. Estas propostas nacen de diferentes motivacións: unha pintura, unha música, un texto, un vestiario, unha pauta física concreta ou un elemento escenográfico. A improvisación é unha ferramenta importante dentro do proceso creativo, xa que cada movemento en escena está creado por e para cada intérprete, sendo o resultado a unión de cada proposta individual.

O movemento que buscamos nesta peza nace da investigación duns xestos cotiás enmarcados nun contexto concreto, que leva intrínseca unha musicalidade, unha calidade e unha temperatura especial. Apropriadose da historia vivida por cada un deles, onde nacen, como medraron, a súa familia, os seus amigos, situacións, conflitos, decisións,... todos os recordos e vivencias, reencontrándose co pasado.

O espazo sonoro

A música neste traballo é un eixo fundamental dentro da peza xa que os intérpretes crean o espazo sonoro de cada escena recurrido a sons previamente elaborados ou executados en vivo. Os textos dos temas musicais foron creados persoalmente para cada escena, existindo un tempo previo de laboratorio para descubrir o mundo sonoro do propio intérprete e o seu movemento.

A música foi utilizada como pauta na busca do material físico, dando prioridade ao peso sonoro do movemento. O traballo do espazo sonoro está apoiado no asesoramento musical da artista galega Mercedes Peón.

O traballo co público

Concerto Desconcerto está deseñado para lograr unha interacción directa entre o intérprete e o espectador, ofrecendo a posibilidade de apreciar unha escena apoiándose en diferentes percepcións sensoriais menos habituais, manipulando o uso de cada unha delas.

O público será peza indispensable deste traballo para o desenvolvemento de diferentes escenas, nas que se necesitará a participación directa deles, creando unha complicidade na que o pulso da escena estará enriquecido coa súa colaboración.





CONCERTO DESCONCERTO

A peza

Concerto Desconcerto é unha peza na que os/as bailaríns/as executan a música a partir do movemento, recreando o espazo sonoro de cada escena. Trátase de poñerlle son ao movemento, deixar escoitar a danza, descubrir un mundo de sensacións onde a música nace do propio intérprete

Nesta peza o público pode verse involucrado, tomando certo protagonismo no transcurso da representación, desarticulando o espazo escénico formal e transformando toda a sala nun espazo en común.

Ficha artística

Director artístico

Alexis Fernández

Asistencia de dirección

Kirenia Martínez

Dramaturxia e concepción escénica

Alexis Fernández
Kirenia Martínez

Creación e interpretación

Alexis Fernández
Kirenia Martínez
Armando Marten
Caterina Varela

Asesoramento e produción musical

Mercedes Peón

Diseño de luces

Antón Arias

Técnico de son

Ezequiel Orol

Producción e distribución

Estefanía Vázquez

Xira

xaneiro

23 Centro Cívico Cultural, Arteixo [ESTREA]

24 Centro Cívico Cultural, Arteixo

febreiro

1 Teatro Jofre, Ferrol

12 Pazo da Cultura, Pontevedra

13 Pazo da Cultura, Pontevedra

marzo

29 Teatro Rosalía Castro, A Coruña

12 - 14 Festival ALT 09 - Weekend, Vigo

abril

24 Pazo da Cultura, Carballo



Distintos momentos do proceso de creación de *Concerto Desconcerto*

COMPAÑÍA ENTREMÁNS

Historial

Entremans é unha compañía galega que nace en 2005 da man dos cubanos afincados en Galicia Armando Martén, Ana Beatriz Pérez, Kirenia Martínez e Alexis Fernández, baixo a produción de Estefanía Vázquez (Galicia). Desde 2007 Caterina Varela (Galicia) forma parte da compañía. Súmanse en diferentes proxectos outras nomes como David Edreira (Galicia), Erick Jiménez (Costa Rica) e Ángela Blanco (Galicia).

É unha compañía de pequeno formato que non busca definirse nun só rexistro. As diferentes pezas creadas por eles realízanse xeralmente cunha dirección artística colectiva na que prima o discurso persoal, a experiencia de cada intérprete.

Reúnense nesta compañía diferentes xeracións que enriquecen o traballo colectivo nutríndose da traxectoria persoal de cada integrante.



Equipo artístico

ALEXIS FERNÁNDEZ - INTÉRPRETE

Graduado da Escola Nacional de Artes de La Habana (especialidade de danza). Traballa para diferentes compañías como Danza Contemporánea de Cuba, Grupo Pulsar (Brasil), Danza Retazos (Cuba), Experimentadanza (Galicia), A Intrusa Damián Muñoz Danza (Barcelona) e Centro Coreográfico Galego.

Cofundador da compañía Entremans, logra o 1º premio no IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia (2006) e o 1º premio no V Certame Internacional de Burgos-New York (2006) con *En la cuenca de tus ojos* (2006) e o 1º premio e Premio do Público do XXII Certame Coreográfico de Madrid por *Ven* (2008).

Codirixe o festival Empape desde 2008, festival internacional de danza en paisaxes urbanas da Rede Cidades que Danzan.




KIRENIA MARTÍNEZ - INTÉRPRETE

Graduada pola Escola Nacional de Artes de La Habana (especialidade de teatro). Traballa para diferentes compañías como Danza Retazos (Cuba), Experimentadanza (Galicia) e o Centro Coreográfico Galego.

Consegue o 1º premio no Certame Coreográfico de Calviá con *Despedida* (2005). Cofundadora da compañía Entremans, logra o 1º premio no IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia (2006) e o 1º premio no V Certame Internacional de Burgos-New York (2006) con *En la cuenca de tus ojos* (2006).





ARMANDO MARTÉN - INTÉRPRETE

Graduado pola Escola Nacional de Artes de La Habana (especialidade de danza). Traballa para diferentes compañías como Danza Contemporánea de Cuba, Druída Danza (Galicia), Trespasando (Galicia) coa que logra o 3º premio no XICertame Coreográfico de Madrid por *Trespasando* (2001), Experimentadanza (Galicia). Desde 2004 é profesor do Conservatorio de Danza da Coruña. É cofundador da compañía Entremans.



CATERINA VARELA - INTÉRPRETE

Foi integrante de Experimentadanza (Galicia) e o Centro Coreográfico Galego . Desde 2007 forma parte da compañía Entremans coa que logra o 1º premio e Premio do Público do XXII Certame Coreográfico de Madrid por *Ven* (2008).



Colaboradores

MERCEDES PEÓN - ASESORAMENTO E PRODUCCIÓN MUSICAL

Cantante e gaiteira, actualmente é unha das voces máis importantes de Galicia. Despois de recorrer durante dez anos as aldeas galegas para recoller a herdanza oral, presenta no programa da TCVG Luar o froito da súa investigación semanalmente. Grava por primeira vez no primeiro álbum de Xosé Manuel Budiño, no que interpreta tres temas, marcando así o principio da complicidade entre os dous músicos. Creou o grupo Ajrú, do que a única gravación está no recopilatorio Nacións Celtas II. Continúa colaborando con varios artistas (como Os Diplomáticos de Monte Alto e Mano Negra) antes de gravar o seu primeiro disco en solitario, Isué. Este disco recibe o premio como mellor disco do ano 2000 para a revista Folkworld e unha nominación como mellor artista do ano na radio BBC3.

En 2003 volve co seu segundo disco, Ajrú que confirma o seu ímpeto no mundo da exploración e a difusión da herdanza. Sihá, en 2007, é o seu traballo máis recente. Recibiu numerosos premios, entre eles: Mellor artista do ano polo Magazine Folkworld, 2º mellor artista de Europa na sección de World Music, top dez nas listas de Songline, Premio Opinión 2005 e Galega do ano 2005. No 2008 recibe o Premio Nacional da Cultura Galega na categoría de música.

EZEQUIEL ORON - TÉCNICO DE SON

Realizou estudos de son no Centro de Estudios de Sonido de Madrid. Traballou como músico para artistas como O Carro, Digestión Blues Band, Xababanda, Starluxes ou Mercedes Peón. Como técnico de son traballou para distintas empresas de sonorización, produtoras, orquestras e estudos de grabación. Realizou traballos como técnico de sonorización para grupos en directo, desfiles do moda, galas televisivas, festivais, obras teatrais; traballos de mesturas de doblaxe, creación de soundtracks e grabación e edición de efectos de sala e composición de sintonías orixinais.

Desenvolveu tamén a súa actividade como docente en distintos centros educativos.

ANTÓN ARIAS - DESEÑO DE ILUMINACIÓN

Estudou Historia da Arte na USC (Universidade de Santiago de Compostela), iluminación con Carlos Marquerie e Roberto Vidal Bolaño e dramaturxia con Rodrigo García.

Foi deseñador de iluminación de compañías como: Noescafé Teatro, Cía. Arraiana, Teatro do Adro, Druída Danza, A Factoría Teatro, Alalá Producións, Doble Xiro Danza, Cía. De Marías, A Raia, Teatro do Morcego ou Captatio Benevolentiae. En 2003 participa na fundación da empresa de servizos para o espectáculo RTA (Recursos técnicos e artísticos). Traballa tamén no campo da video-creación, sendo autor de: 'Os netos de Lot', 'Fuxir', 'Fondo para 12x12' ou 'Falar con vos'.

un espectáculo de



en coproducción con

